



Intervención do presidente do Parlamento de Galicia na inauguración da Xornada conmemorativa do 40 aniversario da promulgación do Estatuto de Autonomía de Galicia

Catro décadas de Autonomía de Galicia. Retos e oportunidades

Salón dos Reis do Parlamento de Galicia, 12-4-2021 // 10.00 horas.

Presidente do Tribunal Constitucional,
Presidente da Xunta de Galicia,
Integrantes da Mesa do Parlamento de Galicia,
Portavoces dos grupos parlamentarios,
Deputadas e deputados,
Relatores das dúas mesas redondas programadas,
Autoridades,
Señoras e señores:

Bo día a todas e a todos e moitas grazas por acompañarnos no que é un día de festa, para o Parlamento e para Galicia enteira, por termos a oportunidade de conmemorar os corenta anos transcorridos desde a promulgación do vixente Estatuto de Autonomía de Galicia.

Permítanme un breve inciso –seguramente innecesario– para contextualizar o formato do acto e as dimensións do escenario no que nos damos cita (coa participación de 7 persoas na segunda mesa redonda). Formato e escenario son consecuencia da necesidade de manter a distancia social á que nos obrigan o protocolo de prevención da covid-19, que este Parlamento aplica con absoluto rigor, convencidos de que só desde a responsabilidade individual e colectiva seremos quen de superar a pandemia e as súas consecuencias.

Volvo xa ao asunto que nos ocupa. Realmente, a promulgación produciuse o 6 de abril de 1981, data en que, desde hai algún tempo e



para lembrar esa efeméride, vimos entregando a Medalla do Parlamento de Galicia.

Pero como este non é un aniversario calquera, ao se faceren catro décadas desde a promulgación, quixemos organizar este acto específico para poñer o foco sobre o noso Estatuto, dada a carga simbólica da celebración e os condicionantes que a rodean.

Dicia que este é un día de ledicia, porque, malia todos os problemas deste momento –que os hai, e en abundancia–, rendemos tributo ao vixente Estatuto de Autonomía, aos seus artífices e aos devanceiros que depositaron a semente no longo e ás veces tortuoso camiño de Galicia cara á súa autonomía. Galicia accedeu ao seu autogoberno grazas á Constitución do 78 —non debemos ocultalo— e ao Estatuto, ferramentas xurídicas básicas para implantar e consolidar as nosas propias institucións de autogoberno. Paseñamente, sen case facer ruído, pero sen pausa, Galicia acabou por se situar entre os territorios con maior capacidade de autogoberno de Europa.

Autonomía política, por suposto, pero lealdade institucional e constitucional, tamén. En Galicia, sempre.

Permítanme agradecer, muy sinceramente, la presencia del presidente del Tribunal Constitucional para inaugurar esta jornada. Me consta que hace un esfuerzo para ajustar su agenda, pública y privada, tarea nada fácil para quien ostenta la quinta autoridad institucional del Estado.

Agradecemos a súa presenza e congratulámonos polo orgullo co que, decote, reivindica a súa condición de galego, ben arraigada en Xunqueira de Espadanedo, nada menos.

Afectos á parte, é esta unha ocasión propicia para reivindicar a lealdade do Parlamento de Galicia para cos restantes órganos e institucións emanados da Constitución á que todos, sen excepcións, nos debemos.



Como teño dito nalgunha ocasión, e volvo reiterar, non se tomará ningunha decisión nesta Cámara sen o debido respaldo dos servizos xurídicos, como pode referir o letrado oficial maior, aquí presente.

As galegas e galegos saben ben que nada nin ninguén ten cabemento fóra do noso ordenamento xurídico, razón que explica o permanente acatamento das decisións dos diferentes xulgados e tribunais, entre os que incluímos, por suposto, o Tribunal Constitucional que vostede preside.

Por fortuna para nós e para o Estado das Autonomías do que formamos parte, ninguén atopará na Galicia actual actitudes como as rexistradas noutras latitudes, seguramente —entre outras razóns— porque o sentidiño, o rigor e a lealdade institucional presidiron e presiden a acción dos servidores públicos, dun e doutro signo, que se foron sucedendo ao longo destes corenta anos no exercicio do autogoberno.

Felizmente para Galicia e para os galegos, Galicia é, hoxe, un oasis de estabilidade política, froito da decisión democrática expresada nas urnas.

Mais é tamén —agás excepcións puntuais— un exemplo de ben facer. Poño por caso este Parlamento, onde o respecto persoal e a predisposición para o diálogo e o acordo, por parte das persoas que o integran, constitúen unha actitude alentadora fronte á confrontación extrema que ollamos, con preocupación, noutros territorios e escenarios.

Parabéns, señorías, por esta realidade. Non desmaien nese obxectivo.

Conmemoramos o corenta aniversario da promulgación do Estatuto de Autonomía de Galicia, unha experiencia con moitas máis luces ca sombras que anima a reflexionar sobre estas catro décadas da nosa historia recente.

Quixemos que esta celebración botase a andar co testemuño de dúas personalidades, como o presidente do Tribunal Constitucional -que inaugura a xornada- e o presidente da Xunta de Galicia -que a

clausuraré-, por entender que a experiencia de ambos pode resultar clarificadora na etapa que nos toca vivir.

Con independencia doutras actividades deste tipo que se poidan organizar no futuro no Parlamento de Galicia —que tamén cumprirá corenta anos en decembro— ou noutros escenarios, entendemos que o enfoque xurídico é fundamental para aproximarnos a estas catro décadas de vida estatutaria.

Estou seguro de que tanto o profesor Blanco Valdés —constitucionalista de referencia na España contemporánea— como as dúas prestixiosas constitucionalistas que nos acompañan —a profesora de Dereito Constitucional da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña Sonia García Vázquez; e a decana da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, Ana Gude Fernández—achegarán luz, desde unha óptica xurídica e académica, na mesa redonda titulada «O Estatuto de Autonomía de Galicia. Unha ollada académica».

A política é sempre necesaria, por suposto, pero o seu correcto exercicio precisa rigor e regras claras que só o ordenamento xurídico nos ofrece.

É sabido que os piares da autonomía galega se edificaron nun clima dunha certa, por non dicir case total, indiferenza da xente.

Non obstante, as sólidas conviccións autonomistas dos artífices do noso Estatuto, inspirados no galeguismo histórico que bebía de fontes como a *Xeración Nós* —, galardoada coa Medalla do Parlamento deste ano, como anteriormente o fora a denominada Comisión dos 16—, actuaron como o estímulo que permitiu vencer os escollos e poñer en funcionamento as institucións autonómicas, nomeadamente a Xunta e o Parlamento, hoxe plenamente consolidadas.

Como teño dito, esta singradura non sería posible sen a contribución, francamente decisiva, dos medios de comunicación social, que desde o primeiro momento entenderon a oportunidade que se abría para



Galicia e apoiaron sen titubeos primeiro a transición desde a ditadura á democracia e, despois, o deseño e a consolidación da nosa autonomía.

Por iso, ao celebrar o corenta aniversario do noso Estatuto, queremos reivindicar e agradecer o traballo dos medios de comunicación social que nos acompañaron daquela e nos acompañan agora, informando co rigor e coa imparcialidade que obriga o bo xornalismo.

Gustaríamos poder contar con todas e todos os profesionais e cos medios que en Galicia levan informando desde entón —algúns desde moito antes—, pero somos conscientes de que un formato tan extenso é practicamente inviable. Optamos por convidar os directores —un por cada grupo editorial— dos xornais que desde moito antes dos albores da nosa autonomía acoden puntuais á súa cita diaria cos lectores.

Agradecemento sincero aos directores dos xornais participantes e ás delegadas de EFE e Europa Press que moderarán as mesas redondas. Moitas grazas pola boa acollida que a nosa proposta tivo pola súa parte.

Para eles e para os restantes medios —sexa prensa escrita, radio televisión ou dixitais— o noso agradecemento e recoñecemento sinceros, o de quen lles fala, a título individual; pero tamén estou seguro, e o digo con coñecemento de causa, o recoñecemento e o agradecemento do conxunto da Cámara á que teño a honra de representar.

Cómpre dicilo sempre, e máis neste tempo en que as noticias falsas constitúen unha verdadeira ameaza para a democracia e para a sociedade no seu conxunto.

Cómpre apostar polo xornalismo, polo bo xornalismo exercido desde o rigor, a imparcialidade e a honestidade persoal e profesional, como o das e dos profesionais que cada día informan sobre a actividade do Parlamento de Galicia.

Cómpre que todas e todos, sen excepcións, tomemos consciencia disto; tamén, e moi especialmente, a propia cidadanía.



Cedo a palabra, como dixeran, ao presidente do Tribunal Constitucional, para pronunciar a conferencia inaugural desta xornada.

Moitas grazas.